



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A FEDERACIÓN GALEGA DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA MÚSICA BANDÍSTICA EN 2026

Santiago de Compostela

COMPARECEN

Por unha banda, José Carlos López Campos, en representación da Axencia Galega das Industrias Culturais, no sucesivo Agadic, con NIF Q-6550009-B, actuando en nome e representación da mesma en virtude do establecido pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, e o Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais.

E doutra, Iván Estévez Sabucedo, na súa condición de presidente da Federación Galega de Bandas de Música Populares, con NIF G15110893, actuando no nome e representación da Federación con poderes suficientes para a celebración deste acto en virtude dos seus estatutos e da resolución da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes de 20.3.2026 relativa ao órgano de representación da entidade, elixido pola asemblea xeral de data 1.2.2026. As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, e

EXPOÑEN

Primeiro. A Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), creada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, é unha axencia pública con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, segundo establece o artigo 1.2 da citada Lei.

O obxecto da axencia é, entre outros, o fomento da oferta de bens e servizos culturais, fixado polo artigo 3.1 da Lei, e entre as súas funcións atribúense a de favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia (artigo 5.b) da Lei 4/2008). Para o logro dos seus obxectivos, a Agadic poderá subscribir convenios, realizar actividades comerciais e industriais, conceder subvencións e establecer calquera outra iniciativa de acción tendente á consecución dos obxectivos que se lle atribúen (artigo 5.2 da Lei 4/2008).

Segundo. A Federación Galega de Bandas de Música Populares (a entidade) é, segundo os seus estatutos, unha entidade sen ánimo de lucro que vén desenvolvendo un labor continuo de





promoción da cultura galega a través do fomento da música de bandas e que ten como fins principais, entre outros, programar as accións necesarias para promoción e difusión da música bandística, actuando como centro para o desenvolvemento e administración de información, promoción educativa e divulgativa do labor das bandas, así como de organización de cursos, festivais, certames ou intercambios entre bandas de características similares.

Trátase, así mesmo, dun movemento asociativo maduro e con capacidade de innovación, xestión e dinamización cidadá, que estrutura un tecido social capaz de canalizar proxectos e actuacións en diferentes eidos da vida social e cultural dos concellos galegos e que contribúe a dotar de contido á identidade galega, da que as bandas de música forman parte indisoluble e indispensable dende hai máis de 100 anos.

Terceiro. A Federación é a entidade máis representativa do ámbito bandístico a nivel galego, ao ter un elevado número de formacións e instrumentistas federados das catro provincias galegas. E nese labor continuo que realiza a prol da difusión e promoción da música de banda destacan de maneira relevante dúas iniciativas: o Concurso Galego de Composición, co que pretende fomentar e estimular a composición musical, enriquecéndose, así, o patrimonio cultural galego; e o Certame Galego de Bandas de Música, evento xa consolidado na comunidade ao que concorren anualmente un gran número das bandas galegas máis representativas, xerando un gran movemento social, sobre todo das idades máis novas, unido pola afección por este tipo de música, que fai que nos días da clausura do certame, que adoita celebrarse na parte final de ano, preto de mil músicos se convirtan en testemuñas do progreso musical de Galicia.

A estes dous programas a Federación suma outra iniciativa cunha xa importante traxectoria que ten como finalidade darlles visibilidade ás agrupacións infantís e xuvenís das bandas de música galegas. Xa con oito edicións realizadas, esta iniciativa pretende potenciar a arte musical entre a poboación máis nova, fomentando o encontro de músicos galegos para crear sinerxías entre as diferentes agrupacións de cara a posibles colaboracións.

Despois dos anos da crise sanitaria, que obrigou á Federación á reprogramación de actividades, dende hai catro anos xa se retomaron con normalidade as iniciativas de maior transcendencia dentro do traballo da Federación: o Certame Galego de Bandas, que vivirá en 2026 súa décimo novena edición, o Festival de Bandas Infantís e Xuvenís, que celebrará a novena convocatoria; e o Concurso Galego de Composición, que afrontará a súa décimo novena edición. A estes programas segue sumando a Federación outros dous proxectos incluídos nas programacións de 2024 e 2025 que potencian a actividade tanto da Banda Sinfónica Galega, agrupación senlleira da Federación creada no ano 2000 como conxunto instrumental integrado por ao redor de 60 músicos elixidos de entre todas as bandas galegas, coma a da Banda Sinfónica Xuvenil Galega, formación xurdida en 2018 que se compón de ao redor de 50 rapaces das agrupacións bandísticas galegas.





Por outra banda, aos proxectos citados suma a Federación dúas liñas de traballo iniciadas en 2025 e que, tras a excelente acollida obtida, se considera importante darlles continuidade. Da primeira delas, a celebración de xornadas para a actualización o sector, os resultados acadados confirmaron que a profesionalización e a posta ao día non só son unha opción senón unha condición indispensable para a sustentabilidade das agrupacións bandísticas no contexto actual.

A segunda, que pretende paliar o descoñecemento que a sociedade ten das bandas e do gran movemento asociativo que hai detrás, promove a elaboración de traballos de investigación centrados na realidade das bandas populares dende diferentes perspectivas. Estes estudos buscan afondar no coñecemento do papel que desempeñan na vida social e cultural de Galicia, analizando o impacto do tecido bandístico galego en catro grandes eixes: cultura, sociedade, educación e economía.

O fenómeno das bandas de música en Galicia constitúe unha das manifestacións culturais máis potentes e singulares da nosa identidade. Non obstante, a velocidade dos cambios sociais actuais pon en risco a supervivencia de certas prácticas centenarias. Como consecuencia do estudo sobre as bandas levado a cabo o pasado ano, que detectou a urxencia de documentar, protexer e poñer en valor o patrimonio inmaterial que representan estas formacións, a Federación quere celebrar en 2026 un congreso bandístico internacional no que musicólogos, investigadores e directores de prestixio, e a través dunha metodoloxía participativa que promova a transferencia de coñecemento entre a vertente académica e a práctica diaria das formacións musicais, reflexionen sobre as medidas de salvagarda e protección urxentes de cara a recuperar a memoria viva do sector.

A actividade continua da Federación ao longo dos anos resulta decisiva para a expansión da cultura musical bandística en Galicia, cun exitoso labor que ten o seu reflexo na calidade das programacións e na gran afluencia de público ás actividades desenvolvidas, signo, e afianzamento, do recoñecemento acadado polo traballo desenvolvido pola entidade en todos estes anos de existencia.

Cuarto. Galicia conta cun tecido cultural vigoroso, que leva dando mostras dunha extraordinaria calidade, moi particularmente no ámbito musical, con propostas de enorme interese que cómpre fomentar e protexer. E a Agadic considera fundamental apoiar propostas coas que se pretende dar a coñecer o nivel dos músicos galegos e o traballo que realizan ao longo de todo o ano, aumentar o repertorio de música de banda de temática galega, axudar a que o talento emerxente teña canles de expansión e a poñer en valor, así mesmo, o rico patrimonio que as formacións bandísticas representan.

Acadar unha maior eficacia na consecución dun dos obxectivos básicos do organismo, o de establecer unha programación cultural axeitada ás diferentes sensibilidades e gustos, o máis variada posible, da que poida gozar maioritariamente a poboación galega, e que enriquece, sen





dúbida, o patrimonio da música bandística inspiran o apoio á Federación no desenvolvemento dos programas citados.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio de colaboración é o financiamento pola Agadac de actividades de promoción e difusión da música bandística promovidas pola Federación Galega de Bandas de Música Populares en 2026.

SEGUNDA. IMPOSIBILIDADE DE PROMOVER A CONCORRENCIA PÚBLICA

O carácter específico das actuacións propostas, o alto grao de representatividade da Federación, que asocia e representa a máis de 96 formacións, 6.708 instrumentistas e 7.114 alumnos das catro provincias galegas; o seu carácter como única entidade aglutinadora do sector bandístico galego no seu conxunto, así como a inclusión desta actividade de fomento dentro da planificación estratéxica da Axencia Galega das Industrias Culturais, xustifican a concesión desta subvención mediante a formalización deste convenio de colaboración.

O proxecto cumpre, por tanto, cos requisitos previstos nos artigos 2 e 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De acordo con este último precepto, con carácter excepcional, poderán concederse de forma directa as subvencións para aquelas actuacións que acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificulten a súa convocatoria pública.

A normativa reguladora de subvencións permite subscribir convenios de colaboración como canle de concesións de subvencións de forma directa, por razóns de interese público debidamente xustificadas, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrência pública, como é o caso.

TERCEIRA. ACTUACIÓNS DO PROGAMA

A entidade desenvolverá as seguintes actuacións de promoción e difusión da música bandística ao longo do ano 2026:

– IX Festival de Bandas Infantís e Xuvenís





Novena edición dun evento con clara vocación de futuro que se desenvolverá na Cidade da Cultura, en Santiago de Compostela, no mes de xullo, e no que participarán as seccións infantís e xuvenís de bandas de música federadas de Galicia, divididas en tres categorías determinadas polo número de compoñentes co que participen.

– XIX Concurso Galego de Composición

Concurso de composición que se desenvolve dende abril a novembro, ao que poden concorrer compositores que presenten composicións orixinais e inéditas que versen sobre temática galega e que se divide en diferentes categorías, dependendo do grao de dificultade, duración da peza e cadro de instrumentistas. As obras premiadas e finalistas terán a posibilidade de ser obras obrigadas no Certame Galego de Bandas e poderán ser estreadas en concertos das agrupacións da Federación ou por outras de recoñecido prestixio.

– XIX Certame Galego de Bandas

Evento que se desenvolverá dende marzo a outubro no que poden participar as bandas de música segundo as bases establecidas pola Federación, e que celebrará as xornadas de clausura os días 19 e 20 de outubro no Pazo da Cultura de Pontevedra, onde se darán a coñecer as bandas gañadoras nas diferentes seccións (primeira, segunda, terceira, xuvenil e infantil, segundo o número de integrantes e idades para as seccións infantil e xuvenil).

– Encontros da Banda Sinfónica Galega e da Banda Sinfónica Xuvenil Galega

A Federación, a través das súas dúas formacións de referencia, a Sinfónica Galega e a Sinfónica Xuvenil Galega, compostas por músicos das bandas galegas a través de convocatoria realizada cada dous anos, programará do 29 de xuño ao 5 de xullo, para a Xuvenil, e do 2 ao 5 de xullo, así como o 10 de xullo, para a Sinfónica Galega, diferentes encontros concibidos como espazos de intercambio e aprendizaxe onde se fomenta a mellora formativa nas distintas especialidades instrumentais.

– Xornadas para a actualización do sector

Xornada sobre actualización normativa e protección da infancia (LOPVI). Dada a natureza das bandas de música, onde a convivencia entre adultos e menores é constante, e a presenza destes é moi significativa en todas as actividades que se realizan tanto nas escolas de música como nas agrupacións, esta xornada ten como obxectivo dotar ás directivas, directores, persoal docente e de xestión das ferramentas necesarias para cumprir coa legalidade e garantir o benestar dos compoñentes destas agrupacións.

Xornada sobre prevención de riscos laborais e seguridade en espectáculos públicos temporais, que nace co obxectivo de ofrecer unha folla de ruta clara ante a dispersión normativa existente arredor dos espectáculos públicos temporais. A través de profesionais con ampla experiencia no sector da xestión de eventos e a enxeñaría de seguridade, a xornada abordará as responsabilidades das bandas tanto na súa faceta de agrupación artística como na súa faceta eventual de entidade organizadora.





Xornada sobre a integración da formación instrumental na escola, que pretende tender pontes entre as bandas de música populares e os centros de ensino e demostrar o altamente beneficiosa que é a práctica instrumental nas diferentes etapas educativas.

– Investigación sobre as bandas de música populares

Desenvolvemento do traballo de investigación sobre as bandas de música populares artellado en dous bloques: por unha banda, levando a cabo unha investigación de carácter social e, por outra, profundizando no labor de recollida iniciado o ano pasado. Nestes traballos, que se desenvolverán dende marzo a outubro, abordarase, por unha parte, o papel que as bandas de música tiveron e teñen sobre o tecido cultural galego e, por outra, recolleranse testemuños vivos que permitan obter información de primeira man sobre o funcionamento e impacto das bandas na nosa sociedade.

– Congreso O patrimonio itinerante: bandas de música galegas entre Europa e América

Impulsado a partir dun estudo da Universidade de Santiago de Compostela en 2025, este congreso celebrarase do 9 ao 11 de xullo en Santiago de Compostela e estrutúrase arredor do concepto de “patrimonio itinerante”, que pon en valor a mobilidade histórica das bandas e a súa conexión coa diáspora, especialmente con América.

O congreso reunirá especialistas para analizar a evolución histórica das bandas, reflexionar sobre os retos de conservación e recuperar a memoria viva do sector, promovendo ademais a colaboración entre o ámbito académico e o musical. Organizado en varias liñas temáticas que abranguen desde as súas orixes ata a actualidade, contará cun formato híbrido e cunha ampla rede de colaboración institucional. O seu impacto prolongarase no tempo coa publicación dun libro de actas e cun proceso estruturado que inclúe recepción de propostas, avaliación científica, inscrición e celebración do encontro.

CUARTA. ORZAMENTO DO PROGRAMA E FINANCIAMENTO

A Agadic realizará unha achega por importe máximo de 200.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 13A1 432B 481.0 que ten atribuídos segundo os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

Esta achega canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e logo da autorización correspondente do Consello da Xunta de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 26.3 da Lei de subvencións e no artigo 40.3 do Regulamento, que indica que cando a subvención se conceda mediante convenio e o importe sexa superior a 150.000 euros, a aprobación do convenio requirirá a autorización previa do Consello da Xunta de Galicia, e segundo o disposto na disposición adicional 2ª da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e na Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o Acordo do 27 de marzo de 1991, do Consello da Xunta, sobre convenios de





colaboración con outros entes públicos e con particulares, por conter obrigas de gasto por importe superior a 150.000 euros.

O orzamento total das actividades obxecto de subvención é de 251.455,67 euros (impostos incluídos). A xustificación de gastos por importe inferior ao orzamento total da actividade implicará a minoración proporcional do importe da subvención.

QUINTA. PAGAMENTOS ANTICIPADOS

Poderanse realizar pagamentos anticipados por importe máximo de ata o 80 % da cantidade subvencionada, que implica a entrega de fondos con carácter previo á xustificación dos gastos, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, logo da autorización do Consello da Xunta, de conformidade co disposto no artigo 63.3 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada.

Esta entidade queda exonerada de constituír as garantías a que fan referencia os artigos 63.2 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en aplicación da excepción prevista no artigo 65.4f) da mesma norma.

No caso de que a entidade solicite pagamentos anticipados, deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

SEXTA. COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS

Esta axuda é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

SÉTIMA. OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

1. A entidade beneficiaria deberá cumprir, ademais dos requisitos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os requisitos recollidos no artigo 11 da mesma lei, que a continuación se relacionan:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Agadic, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control





competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores; e conservar os documentos xustificativos de aplicación dos fondos recibidos en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control e de conformidade co procedemento recollido nos artigos 23 e concordantes da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

c) Comunicarlle á Agadic a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

d) Acreditar que está ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de que non ten pendentes de pagamento débedas coa comunidade autónoma. O cumprimento destes requisitos poderán ser comprobados pola Agadic agás oposición expresa da entidade solicitante. No caso de oposición, deberán achegarse os certificados correspondentes.

e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

f) Levar unha contabilidade separada ou o establecemento dun código específico en relación cos gastos e ingresos vinculados coa subvención.

g) Dar publicidade do carácter público do financiamento do investimento obxecto de subvención. Incluírse na documentación e soportes específicos das actividades que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia. Para estes efectos, os materiais ou soportes de difusión deberán incluír o logotipo da Xunta de Galicia e o do Xacobeo 2027, agás naqueles materiais que, de forma excepcional, polo seu tamaño ou por necesidades específicas de deseño ou por outras causas debidamente xustificadas, non sexa factible a súa inclusión.

h) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. A entidade debe cumprir coa obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que a entidade beneficiaria non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 da citada lei.

OITAVA. GASTOS SUBVENCIONABLES

1. Considéranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período establecido entre o 1 de xaneiro de 2026 e a data límite de xustificación.





GASTOS SUBVENCIONABLES	IMPORTE sen IVE	IMPORTE con IVE
1. Festival de Bandas Infantís e Xuvenís (FIX)	33.271,20	35.245,00
<i>Servizos:</i> 1.1. Participación bandas (concertos) 1.2. Produción (gravación imaxe e son, material publicitario, servizo de prensa e comunicación) 1.3. Servizos lúdicos 1.4. Mantenzas <i>Subministracións:</i> 1.5. Material papelería 1.6. Alugueiro instrumental <i>Outros:</i> 1.7. Desprazamentos 1.8. Dereitos de autor	20.965,00 6.942,14 2.148,76 300,00 82,64 2.500,00 250,00 82,64	20.965,00 8.400,00 2.600,00 330,00 100,00 2.500,00 250,00 100,00
2. Concurso Galego de Composición	14.282,10	15.000,00
<i>Servizos:</i> 2.1. Xurado 2.2. Premios 2.3. Produción (material publicitario, asesoramento, edición de obras) <i>Subministracións:</i> 2.4. Papelería, fotocopias, diplomas	2.479,34 7.750,00 3.908,13 144,63	3.000,00 7.750,00 4.075,00 175,00
3. Certame Galego de Bandas	104.994,13	113.541,40
<i>Servizos:</i> 3.1. Participación bandas (concertos publicitarios previos e concertos certame) 3.2. Xurado 3.3. Premios 3.4. Produción (Gravación, emisión, imaxes, material publicitario, prensa e presentacións, servizo apoio bandas, control accesos) 3.5. Mantenzas e aloxamentos <i>Subministracións:</i> 3.6. Papelería 3.7. Alugueiro instrumental, cadeiras e atrás 3.8. Trofeos e corbatín <i>Outros:</i> 3.9. Desprazamentos 3.10. Dereitos de autor 3.11. Actuación clausura	37.800,00 3.966,94 21.000,00 27.844,14 5.636,36 462,81 5.537,19 818,18 721,90 206,61 1.000,00	37.800,00 4.800,00 21.000,00 33.691,40 6.200,00 560,00 6.450,00 990,00 800,00 250,00 1.000,00
4. Encontro Banda Sinfónica Xuvenil Galega (BSXG)	22.367,63	24.477,95
<i>Servizos:</i> 4.1. Dirección, axudante direcc., profesorado e gastos contratos 4.2. Mantenzas e aloxamentos 4.3. Material publicitario 4.4. Servizos lúdicos 4.5. Transporte banda e materiais <i>Subministracións:</i> 4.6. Alugueiro instrumental 4.7. Materiais (partituras, material papelería, materiais músicos e materiais actividades lúdicas) <i>Outros:</i> 4.8. Desprazamentos 4.9. Dereitos de autor	3.534,95 10.498,18 123,97 2.837,18 1.252,07 2.000,00 1.610,78 370,00 140,50	3.534,95 11.548,00 150,00 3.405,00 1.400,00 2.000,00 1.900,00 370,00 170,00
5. Encontro Banda Sinfónica Galega (BSG)	22.874,71	25.044,00
<i>Servizos:</i> 5.1. Dirección e músicos profesionais 5.2. Mantenzas e aloxamentos 5.3. Produción (material publicidade e difusión, gravación de imaxes e son) 5.4. Servizos lúdicos <i>Subministracións:</i> 5.5. Alugueiro instrumental, cadeiras e atrás 5.6. Partituras, material papelería e materiais músicos <i>Outros:</i> 5.7. Desprazamentos 5.8. Dereitos de autor	1.750,00 12.830,91 2.809,91 163,64 3.913,22 719,01 522,73 165,29	1.750,00 14.114,00 3.400,00 180,00 4.000,00 850,00 550,00 200,00
6. Xornadas para a actualización do sector	3.528,93	4.170,00
<i>Servizos:</i> 6.1. Relatores 6.2. Mantenzas	2.479,34 336,36	3.000,00 370,00





<i>Subministracións:</i> 6.3. Material papelería	413,23	500,00
<i>Outros:</i> 6.4. Desprazamentos	300,00	300,00
7. Investigación sobre bandas de música populares	7.132,23	8.000,00
<i>Servizos:</i> 7.1. Traballo de investigación	3.000,00	3.000,00
7.2. Recollida de testemuños	4.132,23	5.000,00
8. Congreso O patrimonio itinerante. Bandas de música galegas entre Europa e América	13.456,49	14.956,75
<i>Servizos:</i> 8.1. Mantenzas e aloxamentos	6.704,55	7.375,00
8.2. Transportes (alugueiro vehículos, billetes e desprazamentos relatores)	1.745,57	1.952,55
8.3. Produción (material publicitario e difusión, gravacións son)	1.181,16	1.429,20
<i>Subministracións:</i> 8.4. Materiais papelería, <i>merchandising</i>	991,74	1.200,00
8.5. Edición e impresión libro de resumos	1.250,00	1.300,00
<i>Outros:</i> 8.6. Desprazamentos organización e autobús congreso	1.418,18	1.500,00
8.7. Dereitos de autor	165,29	200,00
9. Gastos de seguros e dereitos reprográficos vinculados ás actividades do proxecto	4.869,15	5.084,30
<i>Outros:</i> 9.1. Seguros: 26,49 % dos seguros de RC, Accidentes, Voluntarios e directiva vinculados aos programas conveniados durante os meses de marzo a outubro.	3.844,65	3.844,65
9.2. Dereitos reprográficos: 22,50 % dos gastos vinculados aos programas conveniados durante os meses de marzo a outubro	1.024,50	1.239,65
10. Gastos xerais e de persoal da entidade vinculados ás actividades do proxecto	5.744,89	5.936,27
10.1. Persoal: 40 % dos custos laborais dunha traballadora da entidade asignada aos programas conveniados durante os meses de marzo a outubro.	4.833,54	4.833,54
Gastos xerais: 10.2. Gastos xerais vinculados ás actividades conveniadas: 40 % dos gastos dos meses de marzo a outubro nos seguintes conceptos: alugueiro e cesión de espazos (<i>outros</i>), xestoría, protección de datos e mensaxería (<i>servizos</i>) e telefonía (<i>subministracións</i>)	911,35	1.102,73
TOTAL	232.512,46	251.455,67

2. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido neste convenio.
3. O prazo de xustificación das actuacións deste convenio remata o **20 de novembro de 2026**. Non obstante, se existen cotas de seguros sociais liquidables e obrigas análogas con posterioridade á data de xustificación, entenderanse xustificadas co feito da súa retención, sen prexuízo de que unha vez ingresados os importes, a entidade deba xustificalo coa entrega dos xustificantes correspondentes, que debe facerse con data límite do 15 de febreiro de 2027.
4. En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a entidade beneficiaria acredite mediante a correspondente documentación acreditativa que se encontra acollida ao réxime de exención ou pro rata do IVE.
5. Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais, así como os derivados da garantía bancaria que no seu caso se constitúa para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a súa adecuada preparación ou execución.





6. A subcontratación das actividades estará limitada polo disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o 43 do seu Regulamento. No caso de subcontratación con persoas ou entidades vinculadas coa beneficiaria, estarase ao indicado no artigo 27.7º d) da Lei de subvencións e no 43.2 do seu Regulamento, que establece que en ningún caso se poderá subcontratar con persoas ou entidades vinculadas coa persoa beneficiaria salvo que a contratación se realice de acordo coas condicións normais do mercado e que se obteña a previa autorización do órgano concedente.

No caso de contratación con persoas vinculadas coa persoa beneficiaria, aterase ao indicado no parágrafo anterior para o caso de subcontratación, debendo obterse, así mesmo, a autorización previa da Agadic.

7. Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas de gasto establecidas no orzamento de gastos subvencionables sempre que obedezan a razóns xustificadas e que as actuacións realizadas garden relación directa co obxecto do convenio. Non obstante, a partida correspondente aos gastos de persoal da entidade vinculado ás actividades do proxecto non poderá ser incrementada en ningún caso respecto do importe recollido no cadro de gastos subvencionables deste convenio.

NOVENA. XUSTIFICACIÓN E CONDICIÓNS DE PAGAMENTO

A entidade beneficiaria deberá xustificar o custo total da actividade.

1. O pagamento da achega comprometida pola Agadic realizarase da seguinte forma:

a) Ata o 80 % da cantidade subvencionada poderase aboar en concepto de pagamento anticipado logo da formalización do convenio. Os anticipos serán realizados de forma gradual, cando a entidade beneficiaria xustifique a necesidade de afrontar pagos inmediatos aos provedores e polas contías correspondentes, co límite máximo do 80 % da cantidade subvencionada.

A entidade deberá presentar a seguinte documentación:

1. As certificacións de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
2. Solicitud de anticipo acompañada dunha memoria xustificativa e económica na que se detallan as actuacións que se prevé realizar e o custo das actividades.

A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada.

b) O importe restante, logo da presentación da seguinte documentación xustificativa:

1. Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas. Deberá incluír documentación gráfica das actuacións efectuadas e tamén daqueles materiais producidos coa inclusión do logotipo da Xunta de Galicia.





2. Memoria económica explicativa e aclaratoria dos gastos realizados para a realización das actividades convenidas, na que se detallarán as desviacións producidas respecto do orzamento inicialmente presentado e as causas que as motivaron.

No relativo aos gastos de aloxamento, restauración e mantenza, esta memoria deberá conter unha xustificación individualizada, e correlacionada coa correspondente relación clasificada de gastos presentada, de cada un dos gastos incluídos nesta categoría indicando a súa necesidade, as persoas, grupo ou colectivo que os xeraron e a súa vinculación co proxecto subvencionado.

Así mesmo, a memoria deberá recoller todas aquelas circunstancias, incidencias ou particularidades que resulten necesarias para unha adecuada comprensión da relación clasificada de gastos e da documentación xustificativa achegada.

3. Relación clasificada de gastos da actividade, con identificación do acredor (denominación e NIF), nº de factura ou documento de valor probatorio, concepto do gasto claramente expresado, importe, data de emisión, forma de pagamento (transferencia, etc.), data de pagamento e importe. Esta relación debe presentarse clasificada segundo as partidas e subpartidas reflectidas no cadro de gastos subvencionables deste convenio.

4. Copia das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil e documentación acreditativa do pagamento. Os documentos de gasto e de pagamento deben presentarse clasificados e ordenados segundo a relación clasificada de gastos presentada. Considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias, polo que todas as facturas ou documentos de gasto se deberán presentar xunto co correspondente documento bancario xustificativo no que veña claramente identificado o destinatario do pagamento.

No caso de premios de contido económico, deben xustificarse coa achega, ademais do xustificante de pagamento correspondente, da acta do xurado, resolución ou documento acreditativo equivalente.

Admítese a xustificación do gasto mediante factura simplificada nos supostos autorizados pola normativa vixente, que en ningún caso se pode aboar en metálico e na que deben figurar: número e, no seu caso, serie, data de expedición, datos fiscais do emisor, identificación do produto ou servizo prestado, importe total e o tipo de IVE aplicado.

Para gastos derivados de colaboracións esporádicas prestadas por profesionais tales como conferencias, cursos, charlas ou similares, poderase admitir o recibo correspondente no que deberán constar nome e o NIF da persoa que realiza a actividade, datos da entidade beneficiaria, concepto, lugar e data de realización, importe, retención correspondente e sinatura da persoa. Debe acompañarse, como o resto dos gastos, das xustificacións bancarias dos pagamentos.

5. No caso de pagamentos realizados mediante tarxeta de crédito/débito, deberá xuntarse, ademais, acreditación da súa titularidade. A tarxeta debe estar asociada á conta da entidade beneficiaria. Non se admitirán pagamentos mediante tarxetas non asociadas á conta da entidade.





6. Para os gastos de desprazamento, admitirase como documento de gasto unha axuda de custo en que quede perfectamente identificado quen realiza o pagamento (a entidade) e a persoa destinataria. Neste documento deberase especificar o motivo do desprazamento, as datas das viaxes, orixe e destino, quilómetros totais no seu caso, e gastos asociados á viaxe (peaxe, aparcamento e combustible). En caso de vehículo particular, a cantidade que se admitirá por cada quilómetro será de 0,26 euros. Deben acompañarse, como o resto dos gastos, das certificacións bancarias dos pagamentos.

7. En relación aos documentos que acrediten os custos de persoal: a copia das nóminas e relación nominal de traballadores (RNT) e o seu pagamento (xustificantes bancarios das nóminas e recibos de liquidación á Seguridade Social [RLC] e documento acreditativo do ingreso.

8. En relación ás nóminas e facturas con retención de IRPF, deberá presentarse o modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) dos trimestres correspondentes á xustificación entregada, así como xustificación acreditativa do ingreso.

9. Declaración responsable que conteña unha relación detallada, se é o caso, doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia. No caso contrario, presentarán declaración de non ter solicitado nin concedido ningunha outra axuda para a actividade subvencionada. De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2008, do 13 de xuño, o importe da subvención ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

10. Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar a entidade beneficiaria. A este respecto, para aqueles casos en que a contía supere os límites legalmente establecidos para o contrato menor, a entidade deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

11. A acreditación de estar ao corrente de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, mediante:

- Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).
- Certificación positiva de non ter contraída ningunha débeda de natureza tributaria coa Facenda Pública da Comunidade Autónoma, expedida pola Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA).
- Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, expedida pola Tesourería da Seguridade Social.





A Agadic poderá consultar a través de medios de interoperabilidade os datos elaborados polas Administracións públicas sobre a situación de que a entidade se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, agás que medie oposición expresa da entidade, en cuxo caso a entidade deberá achegar a citada documentación.

12. Declaración de non estar incurso en ningunha das circunstancias para obter a condición de beneficiaria das subvencións reguladas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, recollidas no artigo 10 da Lei.

13. Certificación de encontrarse acollida ao réxime de exención (ou rateo) do IVE no seu caso.

14. Con respecto aos gastos do persoal da entidade vinculado ás actividades do proxecto, declaración responsable da porcentaxe do tempo efectivamente dedicado ás actividades conveniadas, segundo o admitido na cláusula relativa aos gastos subvencionables deste convenio.

A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Galega das Industrias Culturais comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento á entidade.

A Axencia Galega das Industrias Culturais reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

2. O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte da entidade beneficiaria remata o 20 de novembro de 2026.

DÉCIMA. PERSOAL E RELACIÓNS LABORAIS

1. A selección do persoal específico que a entidade dedicará á execución do programa corresponderalle a esta.

2. A sinatura deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que van desenvolver as actividades e a Agadic, de xeito que non se lle poderá esixir a esta ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA. PUBLICIDADE DO CONVENIO

1. Este convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e





inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2017, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

2. De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

3. As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para estes efectos, os asinantes prestan consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mais o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto. Así mesmo, os asinantes aceptan e consenten a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO

1. De acordo co previsto no artigo 49.f da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, créase un órgano mixto de vixilancia e control da execución e aplicación deste convenio e de resolución de controversias administrativas. A esta comisión mixta de seguimento serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e non recollidas nel, e, con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

2. Esta comisión estará composta polos seguintes membros:

- A persoa titular da Presidencia da entidade beneficiaria ou persoa que legalmente a represente, ou unha persoa da entidade que o substitúa.
- A persoa titular da Dirección da Agadic actuará como presidente e a suplencia exercerase pola persoa titular do Departamento de Coordinación Xeral e Xerencia da Agadic.

3. Actuará como secretario ou secretaria, con voz pero sen voto, un funcionario ou funcionaria da Agadic.

DÉCIMO TERCEIRA. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia – Axencia Galega das Industrias Culturais
Finalidades do tratamento	Xestión e tramitación das axudas, bolsas e subvencións, convenios nominativos e premios que teñen a tramitación de subvencións.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos: Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia





Destinatarios dos datos	Consellería de Facenda e Administración Pública. Base de Datos Nacional de Subvencións.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar ante o responsable do tratamento o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos, ou retirar no seu caso o consentimento outorgado, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos .
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

DÉCIMO CUARTA. PERDA DO DEREITO Á SUBVENCIÓN, REINTEGRO E SANCIÓN

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento do importe do convenio no suposto de falta de xustificación do cumprimento do proxecto, das condicións impostas no clausulado deste convenio, das obrigas contidas no artigo 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente o anticipo percibido, así como os xuros de demora correspondentes.
2. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
3. Procederá a perda total do dereito ao cobramento da axuda concedida no seguintes casos:
 - a) Non xustificar ante a Agadic o cumprimento do obxecto do convenio e a execución do proxecto.
 - b) Non comunicarlle á Agadic a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.
 - c) Non permitir someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Agadic, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, nin achegar tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
 - d) Non acreditar que está ao corrente das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de que non ten pendentes de pagamento débedas coa comunidade autónoma.
4. Procederá a perda parcial do cobramento da subvención o incumprimento parcial, entendendo por este sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais tomados en conta na concesión da axuda. A Agadic poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver o seu alcance (e, se é o caso, establecendo a obriga de reintegro) cos seguintes criterios:





- No caso de condicións referentes á contía subvencionable, o alcance do cumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción e os seus xuros de demora.
 - No caso de incumprimento da obriga de dar publicidade do carácter público do financiamento do investimento obxecto de subvención, coa inclusión do logotipo da Xunta de Galicia e o do Xacobeo 2027 na documentación e soportes de difusión das actividades (agás naqueles materiais en que, de forma excepcional, polo seu tamaño ou por necesidades específicas de deseño, ou por outras causas debidamente xustificadas, non sexa factible a súa inclusión), reducirase un 2 % o importe da subvención, e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas nesa proporción.
5. Para facer efectiva a devolución, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Será de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no Título IV da lei 9/2007, do 14 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO QUINTA. MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN DO CONVENIO

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.
2. Serán causas de resolución deste convenio as seguintes:
 - a) Incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste.
 - b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a concesión.
 - c) Os supostos previstos no artigo 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. A tramitación do procedemento de reintegro realizárase de conformidade co disposto no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
3. En caso de resolución, o convenio terá os efectos establecidos no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.
4. Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade e financeira. As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

DÉCIMO SEXTA. NORMATIVA APLICABLE E XURISDICCIÓN

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE 9-11-2017) segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de





resolver as dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia. Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso administrativa será competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

DÉCIMO SÉTIMA. ADMINISTRACIÓN DIXITAL

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

DÉCIMO OITAVA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio estará en vigor dende o día da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2026. Non obstante, abranguerá as accións obxecto do convenio que se realicen pola entidade dende o 1 de xaneiro de 2026.

DÉCIMO NOVENA. NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha





notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

VIXÉSIMA. DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS E HABILITACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO

De conformidade coa disposición adicional primeira do Acordo do 24 de xullo de 2012 do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, relativa á delegación de competencias na persoa titular da Dirección do organismo en materia de de axudas e subvencións públicas, delégase no director da Agadic a facultade para adoptar cantos actos e resolucións sexan necesarios para o desenvolvemento, xestión e execución do presente convenio de subvención, tales como as modificacións, aceptacións de renuncias, acordos de inicio e resolucións de procedementos de reintegro e perdas de dereito total ou parcial ao cobramento da subvención.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en todas as cláusulas.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan este convenio na data que figura na marxe

**POLA AXENCIA GALEGA DAS
INDUSTRIAS CULTURAIS**

**POLA FEDERACIÓN DE BANDAS DE
MÚSICA POPULARES**

José Carlos López Campos
Presidente do Consello Reitor da Agadic

Iván Estévez Sabucedo
Presidente

